



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### Anuncio

#### **Resolución do 23 de xuño de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Monforte de Lemos. (Expediente IN407A 2021-41AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: Unión Fenosa Distribución S.A.
- Domicilio Social: A Batundeira, 2. Velle. Ourense
- Denominación: "AMPLIACIÓN DE POTENCIA DEL CT OS CHAOS-27CQ56 Y ELIMINACIÓN DEL CT PLAZA-PIÑEIRO-27S329"
- Situación: concello de Monforte de Lemos
- Características técnicas principais:
  - Ampliación de potencia do CT Os Chaos (27CQ56), consistente na substitución do transformador existente 250kVA por un novo de 400kVA.
  - Desmontaxe do CTS Plaza Piñeiro (27S329). Realización dun empalme na liña de media tensión que alimenta a dito CT así como das RBT's que saen do mesmo.
- Finalidade da instalación : Mellora de instalacións
- Orzamento: 28.660,62 €
- Documentación complementaria:
  - Separata para o Concello de Monforte de Lemos

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

**Primeira:** As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

**Segunda:** O petionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

**Terceira:** En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

En relación coa **instalación de baixa tensión**, deberase seguir o disposto no artigo 18 del Real Decreto 842/2002 para a súa posta en servizo, así como na súa instrución ITC-BT-04, debendo achegar no seu momento, a documentación esixida con carácter previo á posta en servizo da instalación, para a súa revisión por esta Administración e posterior inscrición da instalación no correspondente rexistro.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 23 de xuño de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 2049

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (SERVIZO DE CULTURA)

#### *Anuncio*

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 2 de xullo de 2021, acordou a aprobación das bases da convocatoria que rexerán no procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2021, do gasto e dos modelos de solicitude e de conta xustificativa.

#### **SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2021.**

O texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións: <https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>.

Así mesmo, as bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2021, e os modelos de solicitude e de conta xustificativa tamén estarán a disposición dos interesados/as na web da Deputación na seguinte dirección: <http://cultura.deputacionlugo.gal/programasesubvencions>

Para os efectos oportunos, a correspondente publicación do extracto da convocatoria realizarase no BOP de Lugo

#### **Primeiro.- Beneficiarios:**

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades culturais ou asociacións (os estatutos deberán recoller eses fins expresamente) legalmente constituídas da provincia de Lugo (enténdase con sede ou delegación social na provincia), adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial da provincia, que os beneficiarios formen parte o conxunto demográfico lucense e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto íntegro destas bases.

#### **Segundo.- Obxecto:**

Constitúe o obxecto desta convocatoria a regulación do procedemento aplicable para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas de carácter cultural -con sede ou delegación social na provincia de Lugo- para a realización de actividades culturais na anualidade de 2021, cuxo obxecto social sexa a promoción cultural, e cuxos fins redunden na:

- Dinamización cultural en todas as súas vertentes.
- Potenciación da historia, a música, as tradicións de Galicia e no uso do idioma galego en todas as actividades que se leven a cabo
- Actividades de potenciación do patrimonio material e inmaterial do país.

→ Non se subvencionarán:

- Aqueles proxectos que se leven a cabo fóra do ámbito territorial da provincia Lugo nos que os beneficiarios non formen parte do conxunto demográfico lucense, (aínda que estean integrados nunha programación global e organizados por unha asociación que teña a súa sede social na provincia de Lugo).
- Aqueles proxectos de carácter deportivo, relixioso, político, militar e- en xeral que sexan corporativos restritivos, xa que o seu fin non é a promoción dos recursos e manifestacións culturais para a poboación en

xeral, senón unicamente entre o colectivo dos seus socios e das súas familias (dado que non se trata de asociacións ou colectivos abertas á poboación xeral, senón a membros, familiares e persoas xurídicas vinculadas a un colectivo concreto)

- Quedan expresamente excluídas desta convocatoria as axudas e os gastos para a promoción, fomento e difusión da artesanía, segundo as consideracións “para actividades artesanais” recollidas na Orde do 2 de xuño de 2014 pola que se revisa a relación de actividades artesanais recollidas no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía (Diario Oficial de Galicia número 185, do 24 de setembro). En consecuencia, non se subvencionarán as accións e actividades artesanais recollidas na referida Orde, de acordo coas divisións e denominacións reflectidas na citada orde.

Quedan excluídos desta convocatoria os gastos de:

- Aloxamento, de hostalaría, comidas e restauración.
- As viaxes culturais que non leven incorporada unha actividade cultural complementaria.
- Os gastos para o desenvolvemento de festas patronais, romarías e eventos relixiosos en xeral
- Os gastos de investimento ou por compra de material inventariable.
- Os gastos correntes para actividades de terapia ocupacional, familiar e de benestar social (técnicas relaxación, talleres de prantas medicinais, elaboracións de xabóns, cremas e outros similares, etc...).
- Os gastos correntes para a actividade extraescolar de inglés.

#### Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2021, en: <http://cultura.deputacionlugo.gal/programasesubvencions>

#### Cuarto.- Contía e importe mínimo e máximo

- Contía: 130.000,00 €.
- Importe mínimo e máximo estará comprendido no intervalo establecido na seguinte táboa para cada finalidade:

FINALIDADE	IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
Actividades culturais.	300 €	3.000 €

#### Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación no B.O.P da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

#### Sexto.- Outros datos

Non se concederán anticipos de pagamento anteriores á xustificación das subvencións.

Lugo, 7 de xullo de 2021.- “O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón”. A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 2064

### Anuncio

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 2 de xullo de 2021, acordou a aprobación das bases da convocatoria que rexerán no procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo na anualidade 2021, do gasto e dos modelos de solicitude e de conta xustificativa.

SUBVENCIONES DESTINADAS A INVERSIONES EN INSTALACIONES DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAIS REALIZADOS POR ASOCIACIONES CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2021.

O texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencions: <https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>.

Así mesmo, as bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo na anualidade 2021, e os modelos de solicitude e de conta xustificativa tamén estarán a disposición dos interesados/as na web da Deputación na seguinte dirección: <http://cultura.deputacionlugo.gal/programasesubvencions>

Para os efectos oportunos, a correspondente publicación do extracto da convocatoria realizarase no BOP de Lugo

#### Primeiro.- Beneficiarios:

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades culturais ou asociacións (os estatutos deberán recoller eses fins expresamente) legalmente constituídas da provincia de Lugo (enténdase con sede ou delegación social na provincia), adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial da provincia, que os beneficiarios formen parte do conxunto demográfico lucense e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto íntegro destas bases.

#### Segundo.- Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas aos investimentos para a mellora, o acondicionamento e a reforma de instalacións de carácter cultural da súa titularidade, alugadas ou cedidas legalmente para o uso cultural por parte das asociacións culturais sen ánimo de lucro da provincia de Lugo que, executados durante o ano 2021, afecten directamente ao desenvolvemento da promoción cultural provincial destes colectivos culturais.

Para estes efectos considéranse subvencionables aqueles investimentos realizados que garden relación directa cos espazos dedicados á promoción cultural e ás edificacións auxiliares (en propiedade, alugadas ou cedidas legalmente) que puidesen estar vinculadas con aqueles e, con especial incidencia, sobre as accións que tendan a mellorar a calidade de todas as accións e manifestacións culturais.

Tamén son obxecto de subvención a adquisición de todo tipo de equipamento de carácter cultural inventariable por parte das asociacións culturais sen ánimo de lucro da provincia de Lugo para dotar ás súas instalacións culturais (en propiedade, alugadas ou cedidas legalmente) co obxecto de que poidan desenvolver as súas actividades culturais nas mellores condicións e cos medios materiais adecuados (técnicos e artísticos).

**Terceiro.- Bases reguladoras** A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACIÓNS DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAIS REALIZADOS POR ASOCIACIÓNS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, ANUALIDADE 2021, en: <http://cultura.deputacionlugo.gal/programasesubvencions>

#### Cuarto.- Contía e importe mínimo e máximo

- Contía: 71.000,00 €.
- Importe mínimo e máximo estará comprendido no intervalo establecido na seguinte táboa para cada finalidade:

FINALIDADE	IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
<b>Investimentos en instalacións de carácter cultural:</b> reformas, ampliación e/ou mellora de inmobles da súa titularidade, alugados ou cedidos legalmente á entidade cultural solicitante.	300 €	3.000 €
<b>Investimentos para a adquisición de equipamentos:</b> Equipamentos, moblaxe e materiais de uso técnico (equipos para procesos da información) e artístico vinculados ao desenvolvemento da programación das actividades da entidade, e sempre que se trate de investimentos para dotar ás súas instalacións culturais (da súa titularidade, alugados ou cedidos legalmente), co obxecto de que poidan desenvolver as súas actividades culturais nas mellores condicións e cos medios materiais adecuados.	300 €	2.000 €

#### Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación no B.O.P da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

**Sexto.- Outros datos**

Non se concederán anticipos de pagamento anteriores á xustificación das subvencións.

Lugo, 7 de xullo de 2021.- “O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón”. A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 2065

## SERVIZO DE EXPROPIACIÓNS E CONTROL DE PROXECTOS

### Anuncio

#### **INFORMACIÓN PREVIA Á OCUPACIÓN DE BENS E DEREITOS PARA EXPROPIACIÓN FORZOSA**

OBRA: FOZ “ACONDICIONAMENTO DA LU-P-0210 “A SEARA (LU-160)-SAN ACISCLO (LU-152A)”. DO PK 5,100 AO 5,236.

Cumprido o acordo adoptado pola Xunta de Goberno desta Deputación en data 2 de xullo de 2021, e aos efectos previstos no artigo nº 18 da vixente Lei de expropiación forzosa de 16 de decembro de 1954 e máis nos nº 17 e 18 do seu regulamento, sométese a información pública a relación individualizada de bens, dereitos e propietarios, afectados pola realización da obra máis arriba mencionada, para que, nun prazo de 15 días hábiles, contados desde o seguinte á última publicación do presente Edicto, poidan presentarse cantas alegacións ou rectificacións se consideren oportunas ao abeiro do establecido nos artigos anteriormente concretados.

Nº	Ref. catastral	Titular/es	Domicilio	Tipo Solo	Sup. Exp. (m²)	Outros bens afectados
1	27019A027000740000TP	María Dolores Canoura Fernández	Rúa Vila Do Medio, 21 Burela	Núcleo rural común	36	
2	27019A027000750000TL	Herdeiros De Eladio Pernas Fernández	Lg. A Ponte - San Acisclo, 2 Foz	Núcleo rural común	38	
3	27019A027000760000TT	Herdeiros De Ramón Fernández Mariña	Lg. San Acisclo - Abidueira, 2 Foz	Núcleo rural común	11	
4	27019A027001300000TW	Herdeiros De Eladio Pernas Fernández	Lg. A Ponte - San Acisclo, 2 Foz	Núcleo rural común	205	5,00 m de muro de mampostería de 1,30 m de altura
						1 ud. de árbore froiteira
						55 m de peche vexetal
5	27019A027000780000TM	Fermín Río Cela	Pq. San Acisclo Foz	Núcleo rural común	13	
6-A	001202900PJ32C0002QU	Juan José Goás Sánchez	Lg. A Ponte - San Acisclo, Es. 1 Pl. 0 Pt. 01 Foz	Núcleo rural histórico tradicional	1	
6-B	001202900PJ32C0003WI	María Celina López López	Rúa Del Pilar, 13 Foz	Núcleo rural histórico tradicional	34	
		Antonio López Suárez	Rúa Del Pilar, 13 Foz			
7	27019A027001210001YK	Herdeiros De Serapio Vázquez Teijeiro	Bo. Carballo, 4 - San Acisclo Foz	Núcleo rural histórico tradicional	500	

Lugo, 6 de xullo de 2021.- A Secretaria Xeral, María Esther Álvarez Martínez.

R. 2051

## CONCELLOS

### BECERREÁ

#### *Anuncio*

#### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 02/07/2021, prestouse aprobación inicial ao Padrón da Taxa por postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público... correspondente ao 2º SEMESTRE DO 2021.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente pónse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que podan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 01/09/2021. Para o cobro dos mesmos, lles serán facilitados os correspondentes recibos en cada posto os días de feira.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria. A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 2 de xullo de 2021.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2052

## AS NOGAIS

#### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 6 de xullo de 2021 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de xuño de 2021.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 6 de xullo de 2021.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2054

LUGO  
*Anuncio*

**DECRETO**

**ILMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA AREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.**

Á vista de que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, celebrada o día 7 de xullo de 2019, adoptou o acordo 12/433 de aprobación das bases de selección para a contratación de persoal para unha "**Brigada de prevención de incendios forestais nas propiedades municipais da Zona Rural**", que estará constituída por un capataz, cinco peóns e un peón-conductor de tractor por un período de tres meses, e cuxo ámbito de actuación sexan as parcelas de titularidade municipal no Concello de Lugo.

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 2973/2021 do 16 de abril de 2021, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Convocar o proceso selectivo para a contratación de, que se rexerá polas bases aprobadas no acordo que a continuación se transcribe:

**“BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS NAS PROPIEDADES MUNICIPAIS NA ZONA RURAL.**

**1º.- OBXECTO DA CONVOCATORIA:**

Estas bases teñen como finalidade o establecemento do sistema, procedemento e baremos das probas que se aplicarán na selección de persoal laboral temporal, a tempo completo para cubrir as prazas necesarias para a constitución dunha Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais para o ano 2021, á vista da proposta formulada polo concelleiro de Medio Ambiente e Medio Rural, e estará composta polos seguintes membros:

- 1 capataz
- 5 peóns forestais
- 1 peón tractorista

**2º.- TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO.**

O contrato de traballo será de persoal laboral temporal, na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado a tempo completo.

A duración do contrato será de **tres meses**.

O réxime xurídico da relación será de carácter laboral, en réxime de dedicación a tempo completo.

As persoas que resulten seleccionadas estran sometidas ao réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente.

**3º.- REQUISITOS E CONDICIÓNS ESIXIDOS**

Os/As aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, cuxo anuncio será publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para que durante un prazo de 5 días hábiles a contar desde a publicación do anuncio no BOP, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderá corrixirse o requisito da non presentación do DNI, do carné de conducir B e da titulación.

**a) Idade:** Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

**b) Estar en posesión do permiso de conducir clase B.**

**c) Titulación esixida /Experiencia**

- Para o posto de capataz: Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural, ou formación profesional equivalente, ou calquera outro título que o habilite para o exercicio deste traballo.

Preferiblemente con experiencia/ formación en traballos forestais e silvícolas, prevención de riscos laborais, coñecemento de primeiros auxilios, etc.

- Para peón forestal, certificado de escolaridade ou equivalente.

Preferiblemente experiencia en manexo de maquinaria agrícola (conducción de tractor), forestal e ferramentas manuais e experiencia/formación en traballos forestais, silvicultura, prevención de riscos laborais, primeiros auxilios, etc.

- **Para peón-conductor de tractor:** Certificado de escolaridade ou equivalente e experiencia en manexo de maquinaria agrícola (conducción de tractor), forestal e ferramentas manuais e experiencia/ formación en traballos forestais, silvicultura, prevención de riscos laborais, coñecemento de primeiros auxilios, etc.

**d) Nacionalidade:** Ser español/a ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo as persoas estranxeiras que reúnan a condición de cónxuxes de españois/las ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados/as de dereito, e os/as seus/súas descendentes e os/as do/a seu/súa cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

**e) Capacidade:** Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo e o recoñecemento médico que deberá realizar previamente á contratación, para garantir as súas condicións de saúde para o traballo que vai realizar ( a non presentación conllevará a perda do posto de traballo).

No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os/as aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

**f) Habilitación:** Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

**g) Incompatibilidade:** Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Todos os requisitos deberán estar en posesión do solicitante o día que remato o prazo de presentación de solicitudes, debendo manterse os mesmos durante o proceso selectivo, de acordo co previsto no artigo 18.2 do R.d. 364/1995, do 10 de marzo.

#### 4º PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As instancias solicitando formar parte da presente convocatoria presentaranse no rexistro Xeral desta Corporación ou na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De non presentarse as solicitudes no Rexistro Xeral, e co fin de axilizar os trámites, é aconsellable que os/as interesados/as, dentro de prazo, remitan por correo electrónico (persoal@lugo.gal), a comunicación da presentación da solicitude por algún dos medios previstos no referido artigo 16 da Lei 39/2015.

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (en diante BOP). Os sucesivos anuncios en relación con este proceso, publicaranse no Taboleiro de Anuncios e na páxina web deste Concello.

**Prazo de presentación:** O prazo de presentación de instancias será de **cinco días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no BOP.

Documentación que hai que presentar coa instancia: As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

- a.- Fotocopia do DNI
- b.- Fotocopia do carné de conducir B
- c.- Fotocopia da titulación esixida.
- d.- Fotocopia de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.
- e.- Certificado médico que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio das súas funcións

#### 5.- ADMISIÓN , RECLAMACIÓNS, SUBSANACIÓN OU EMENDA DE ERROS.

##### I. Admisión de Aspirantes

Rematado o prazo para presentar as instancias, ditarase Resolución coa lista provisional de admitidos e excluídos cos especificación do motivo da exclusión.

##### II. Reclamacións, Subsanación ou emenda de erros



1. Publicadas as listas de aspirantes provisionais no Taboleiro de Anuncios e na páxina web deste concello, os/as aspirantes poderán presentar reclamacións as mesmas, en todo caso por escrito, constando a descrición precisa da reclamación e achegando a documentación en que se fundamente.
2. as reclamacións deberán ser rexistradas e presentadas de idéntica forma que as solicitudes.
3. Non caben reclamacións para a falta de documentación non achegada no seu momento.
4. dada a urxencia das contratacións o prazo de presentación de reclamacións será de **dous días hábiles** a partir do día seguinte á publicación da lista de aspirantes provisionais no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Lugo.
5. Rematado o prazo de reclamación e/ou de emenda de erros, ditarase resolución aprobando a listaxe de admitidos e excluídos definitiva, fixando a data de celebración da proba selectiva, e da de galego, de ser o caso, así como o tribunal de selección, que se publicará no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello.

No caso de non presentarse reclamacións polos/as aspirantes excluídos/as (de existir) a lista terá carácter definitivo.

#### **6.- SISTEMA DE SELECCIÓN:**

Consistirá en dúas fases:

A) A proba consistirá na contestación dun cuestionario tipo test de 25 preguntas con 3 opcións. Poderán ser correctas unha, dúas ou as tres opcións.

A avaliación valorará a resposta correcta con 0,60 puntos e o erro con 0 puntos. Se non se sinala algunha resposta, valorarase como un erro (0 puntos)

Esta proba terá carácter eliminatorio e puntuarase de 0 a 15 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 7,5 para superala.

O/a aspirante que non supere esta fase non pasará á seguinte.

Os coñecementos requiridos son os comprendidos no temario seguinte:

##### **Temario de Capataz**

Tema 1.- Materiais, útiles e ferramentas empregadas nos traballos de prevención forestal

Tema 2.- Maquinaria e apeiros empregados nos traballos de prevención forestal

Tema 3.- Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable na prevención de incendios forestais. Equipos de protección individual.

Tema 4.- Utilización e mantemento dos útiles e ferramentas empregados nos traballos de prevención forestal

Tema 5.- Coñecementos de especies forestais na xestión de biomasa

Tema 6 - Conceptos básicos de topografía. Orientación sobre o terreo.

Tema 7.- Xeografía do Concello de Lugo. Datos xeográficos relacionados coas funcións da categoría.

Tema 8. - Nocións básicas de primeiros auxilios

##### **Temario de peón forestal**

Tema 1.- Materiais, útiles e ferramentas empregadas nos traballos de prevención forestal

Tema 2.- Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable na prevención de traballos forestais. Equipos de protección individual.

Tema 3.- Utilización e mantemento dos útiles e ferramentas empregados nos traballos de prevención forestal

Tema 4.- Coñecementos de especies forestais na xestión de biomasa

Tema 5.- Xeografía do Concello de Lugo. Datos xeográficos relacionados coas funcións da categoría.

##### **Temario de peón-conductor tractor**

Tema 1.- Maquinaria e apeiros empregados nos traballos de prevención forestal

Tema 2.- Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable na prevención de traballos forestais. Equipos de protección individual.

Tema 3.- Utilización e mantemento da maquinaria e equipos empregados nos traballos de prevención forestal

Tema 4.- Coñecementos de especies forestais na xestión de biomasa

Tema 5.- Xeografía do Concello de Lugo. Datos xeográficos relacionados coas funcións da categoría.

B) Baremo de méritos: non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito. Máximo: 10 puntos

**Baremo de méritos:**

a) Experiencia profesional, ata un máximo de 4 puntos:

- Servizos realizados como peón de brigada de defensa contra incendios forestais na Administración local, con contratos ou nomeamento feito pola propia Administración local, e referidos ós últimos 10 anos: 0,051 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos, os/as interesados/as deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate -excepto aqueles/as aspirantes que traballaron no Concello de Lugo, os/as cales unicamente terán que facelo constar na súa instancia de participación no proceso selectivo, e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo-, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación, ou se se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Servizos realizados como peón de brigada de defensa contra incendios forestais noutra Administración pública distinta da local, con contrato ou nomeamento feito pola propia Administración, e referidos ós últimos 10 anos: 0,023 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos os/as interesados/as deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada no nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación, ou se se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Servizos realizados como peón de brigada de defensa contra incendios forestais en empresas públicas ou privadas e referidos ós últimos 10 anos: 0,012 puntos por mes. Para acreditar estes traballos, os/as interesados/as deberán presentar a vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou se se presenta outra diferente a aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

b) Titulación:

**Capataz**

Pola titulación académica que se posúa, computarase unicamente o título de maior nivel dos alegados e ata un máximo de 0,50 puntos. Non será puntuada a titulación esixida para a praza á que se opta.

**Peóns e peón conductor:**

- Se, a maiores do título que se esixe, estivera en posesión do título de graduado escolar, educación secundaria obrigatoria, formación profesional de 1º grao, ciclo medio ou equivalente: 0,25 puntos.
- Título de bacharelato superior, formación profesional de 2º grao ou ciclo superior ou equivalente: 0,50 puntos.

**c) Formación:**

Por cursos relacionados coa actividade que se vai desenvolver, impartidos pola Administración ou homologados, ata un máximo de 2 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados:

- Menos de 15 horas: 0 puntos
- De 15 a 39 horas: 0,10 puntos
- De 40 a 79 horas: 0,20 puntos
- De 80 a 159 horas: 0,40 puntos
- Máis de 160 horas: 0,75 puntos.

**d) Inscripción como demandantes de emprego:**

Pola inscrición como demandante de emprego nos últimos tres anos, cun máximo de 1,20 puntos: 0,10 puntos por cada mes completo. Os/As aspirantes deberán presentar unha certificación expedida polo INEM, acreditativa da citada inscrición e do tempo dela, non tendo validez, para estes efectos, ningunha outra documentación achegada (non será admitida como acreditación, nin a tarxeta de demandante de emprego, nin a de renovación, nin o certificado de vida laboral, etc.). De non presentarse a citada certificación do INEM, a cualificación neste parágrafo será de 0 puntos.

**e) Coñecemento do galego:**

Pola realización ou validación, se é o caso, do curso de iniciación á lingua galega ou Celga 3: 0,50 puntos. E pola realización ou validación, se é o caso, do curso de perfeccionamento da lingua galega ou Celga 4: 1 punto. A puntuación máxima deste parágrafo será de 1 punto.

O resultado final do proceso selectivo será a suma da proba do parágrafo A (para aqueles/as que superen esta), co resultado do baremo de méritos.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores.
- 2) Solicitante de maior idade.

En todos os casos será requisito imprescindible a copia dos documentos que acrediten os méritos que alega o/a aspirante. Os/As aspirantes que resulten seleccionados/as deberán aportar a documentación orixinal para o seu cotexo, igualmente, a dita documentación poderá ser requirida a todos/as os/as demais aspirantes en calquera momento do proceso.

#### **7.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

O Tribunal do proceso estará constituído por un/unha Presidente, tres vogais e un/unha Secretario/a, cos seus correspondentes suplentes. A totalidade dos membros do tribunal deberan posuír un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para a convocatoria da praza.

O os nomes dos integrantes deste, serán publicados xunto coa lista de aspirantes admitidos e excluídos no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Lugo.

#### **8.- CUALIFICACIÓN FINAL. PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR. RELACIÓN DOS CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS.**

Finalizado o procedemento selectivo e establecido polo Tribunal cualificador a orde de preferencia, publicarase a listaxe das persoas seleccionadas no Taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, non podendo declarar que foron seleccionados/as un número maior de aspirantes que postos de traballo convocados.

A partir do día seguinte á publicación no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello, os/as aspirantes disporán dun prazo de **2 días hábiles** para alegar contra dita baremación, fundamentándoa nos aspectos que considere oportunos.

Transcorrido este prazo, o Tribunal cualificador, elevará a definitiva a baremación, e formulará proposta da/das persoa/s seleccionada/s que obtivesen unha maior puntuación total no proceso selectivo, para que o órgano competente dite resolución de contratación, cando as necesidades do concello así o requiran e creación dunha bolsa de reserva.

#### **9.- REALIZACIÓN DA PROBA FÍSICA DE ESFORZO, APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.**

##### **I. PROBA FÍSICA DE ESFORZO**

Os/as aspirantes seleccionados/as realizarán con carácter previo á formalización do contrato de traballo a proba física de esforzo e o recoñecemento médico para garantir as súas condicións de saúde para o traballo que vai realizar.

A non realización da proba física de esforzo conlevará á exclusión da listaxe das persoas seleccionadas ao abeiro do presente proceso selectivo.

A proba de esforzo será de carácter eliminatorio.

##### **II. APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN**

Os/as aspirantes seleccionados/as que superen a proba física de esforzo e o recoñecemento médico deberán presentar a seguinte documentación:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
- Certificación da superación da proba física de esforzo e o recoñecemento médico que garante a óptima condición de saúde para o traballo a desenvolver (a non presentación conlevará a perda do posto de traballo).
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social
- Certificado do número de conta bancaria (IBAN)

##### **III. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS**

A modalidade contractual será un contrato laboral temporal, por obra ou servizo determinado a tempo completo, regulado polo artigo 15 do Estatuto dos traballadores, co período de proba legalmente establecido.

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ao réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente.

**10.- LISTAXE DE RESERVA**

Ao remate do proceso selectivo, elaborárase unha listaxe de reserva coas persoas que superaron dito proceso por orde de puntuación, para a participación na prevención e a defensa contra os incendios forestais.

As persoas que formen parte desta listaxe poderán ser chamadas por rigoroso orde de puntuación para a cobertura do posto obxecto da convocatoria, polo motivo de renuncia da persoa seleccionada, por impedimento para ser contratado e outras circunstancias análogas que se poidan producir (baixas, etc.).

**11.- PROTECCIÓN DE DATOS.**

As persoas aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o seu consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento dos seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, conforme a LOPD 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o seu RGPD.

**12.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES.**

As presentes Bases desta convocatoria vinculan ao Concello, ós tribunais cualificadores e ás persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

**13.- INCIDENCIAS.**

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

**14.- DISPOSICIÓN FINAL E RECURSOS.**

As presentes bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación do anuncio no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na súa páxina web.

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

**Segundo.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo se poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 8 de xullo de 2021.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

R. 2080

---

*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 7 de xullo de 2021, adoptou, entre outros o acordo de 10/431 MODIFICACIÓN DO ACORDO 5/584 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUIVEIRO/A PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OEP 2020) EN RELACIÓN AOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR BASE 9 substituíndo o secretario suplente do tribunal:

D.Rafael del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo (A1).

Por:

D.Justo Díaz Rodríguez. Adxunto de Servizo de Xestión Urbanística do Concello de Lugo (A1).

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 8 de xullo de 2021.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 2081

---

## O PÁRAMO

### *Anuncio*

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de xuño de 2021, acordou a aprobación provisional da MADIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA PARA A DEFENSA E PROTECCIÓN DAS VÍAS MUNICIPAIS, EN RELACIÓN COA SACA DE MADEIRA E O PÁRAMO.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

O Páramo, e de xullo de 2021.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 2055

---

## QUIROGA

### *Anuncio*

Por Decreto de alcaldía, de data 05 de xullo 2021, acordouse a notificación individualizada aos interesados da data e hora para o levantamento da acta previa a ocupación dos terreos da súa propiedade que están sendo obxecto de procedemento expropiatorio por parte do Concello de Quiroga, así como a publicación no BOP da provincia de Lugo, e en dous xornais de tirada provincial.

### **NOTIFICACIÓN INDIVIDUALIZADA AOS INTERESADOS**

Mediante o presente notifícaselle que o vindeiro día

### **22 DE XULLO ÁS 12:00 HORAS**

Procederáse o levantamento da Acta previa a ocupación dos terreos da súa propiedade que están sendo obxecto de procedemento expropiatorio por parte do Concello de Quiroga, para a construción do Cemiterio Municipal de Quiroga, de conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954.

O sinalado acto terá lugar na finca que se vai a ocupar, onde, reunidos todos os interesados, levantarase acta na que se describirá o ben ou dereito expropiable e se farán constar todas ás manifestacións e datos que se aporten e sexan útiles para determinar os dereitos afectados, os titulares, o valor de aqueles e os prexuízos da rápida ocupación.

O que se lle comunica na súa condición de propietario do seguinte ben:

Titular do predio	Referencia Catastral	Superficie a expropiar (m <sup>2</sup> )	Valoración
MANUEL CARDENAL GÁNDARAS	2344606PH024SO001AW	Real: 326,05 m <sup>2</sup> Catastral: 297 m <sup>2</sup>	9.781,50 €
M <sup>ª</sup> DOLORES FRAGA GALLEGO M <sup>ª</sup> PILAR FRAGA GALLEGO SEVERO FERNANDEZ JUIZ	2344601PH4024S0001SW	Real: 2214,50 m <sup>2</sup> Catastral: 2274 m <sup>2</sup>	66.435,00 €
JOSE LUIS DÍAZ LÓPEZ ESTHER DÍAZ FERNANDEZ M <sup>ª</sup> DEL CARMEN DÍAZ MONTENEGRO M <sup>ª</sup> INES FERNÁNDEZ DÍAZ URBANO DÍAZ MONTENEGRO	27050A053006400000SK (Se expropia una parte)	983,75 m <sup>2</sup>	29.512,50 €
AUREA AIRA CARRETE MARIO HERVERA MONTENEGRO ANTONIO HERVERA MONTENEGRO MARIA ADELA HERVERA MONTENEGRO MARIO MONTENEGRO LÓPEZ JOSEFA MONTENEGRO MOURELO	000808000PH40C0001HS	123 m <sup>2</sup>	5.341,96 €

Quiroga, 06 de xullo de 2021.- O 1º tenente de alcalde, José Ángel Rodríguez Raposo.

R. 2057

## TABOADA

### Anuncio

#### **EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN FISCAL E DO PERÍODO EN VOLUNTARIA DA COBRANZA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO DO 1º SEMESTRE DE 2021.**

O Padrón fiscal da taxa de prestación do servizo de recollida de lixo correspondente ao 1º semestre do exercicio 2021 foi aprobado por **Decreto de Alcaldía de data 05.07.2021**.

O mencionado padrón expónse ao público nas oficinas da Casa do Concello polo prazo de dous meses, contado dende o seguinte ao da publicación no BOP do presente anuncio, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas (o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que recolle o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes, contado dende o seguinte ao da finalización do período de exposición pública do mencionado padrón fiscal.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpoñer, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo competente o recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación a dita resolución.

Se non recaera resolución no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do previsto no mencionado artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, produciranse os efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera convinte poderase empregar e exercitar calquera outro recurso.

A publicación no BOP do presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O período de **cobranza en voluntaria** será o comprendido dende o día **12 de xullo de 2021 ata 13 de setembro de 2020**, ambos os dous incluídos. Os contribuíntes poderán efectuar o pagamento da débeda tributaria do seguinte xeito:

a) Na entidade colaboradora Abanca, presentando o correspondente recibo.

b) Os recibos domiciliados polos contribuíntes serán cargados directamente polas respectivas entidades bancarias.

Unha vez rematado o prazo de pagamento en voluntaria sinalado, os débitos non satisfeitos entrarán no período executivo, de acordo co establecido no artigo 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, percibíndose a recarga e xuros de demora establecidos nos artigos 26 e 28 da referida norma.

Taboada, 6 de xullo de 2021.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoal.

R. 2058

---

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. A CORUÑA. SECRETARÍA DE GOBERNO

#### *Anuncio*

La Sala de Gobierno del Tribunal Superior de Justicia de Galicia en su reunión del día **18 de junio de 2021**, ha acordado nombrar, por un período de cuatro años, a los jueces de paz titulares y/o sustitutos que más abajo se indican y para las localidades que igualmente se relacionan, ayuntamientos de esta Comunidad Autónoma; este/os fue/on elegido/s por el Pleno de dicho/s Concello/s con obtención del voto favorable de la mayoría absoluta de sus miembros.

**BEGONTE: Titular: DOÑA PAULA RÁBADE OTERO. DNI 33347899S**

Contra este acuerdo podrán los interesados presentar recurso de Alzada en el plazo de un mes a contar desde el día siguiente a la publicación de este Edicto para ante el Consejo General del Poder Judicial.

Los/as nombrados/as deberán tomar posesión en el juzgado de paz para el que se les nombra ante quien se hallare ejerciendo la jurisdicción, en el plazo de 20 días naturales contados a partir del siguiente a su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia correspondiente, previo juramento o promesa en la forma que establece el artículo 101.5 de la Ley Orgánica del Poder Judicial ante el Juez de 1ª Instancia e Instrucción respectivo.

Aquellos jueces de paz nombrados que estén incurso en alguna incompatibilidad deberán optar dentro del plazo de ocho días por la plaza que le interese.

A Coruña, 29 de junio de 2021.- LA SECRETARIA DE GOBIERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 2060

---

#### *Anuncio*

La Sala de Gobierno del Tribunal Superior de Justicia de Galicia en su reunión del día **18 de junio de 2021**, ha acordado nombrar, por un período de cuatro años, a los jueces de paz titulares y/o sustitutos que más abajo se indican y para las localidades que igualmente se relacionan, ayuntamientos de esta Comunidad Autónoma; este/os fue/on elegido/s por el Pleno de dicho/s Concello/s con obtención del voto favorable de la mayoría absoluta de sus miembros.

**RIBEIRA DE PIQUÍN: Titular: DON ANTONIO DíEZ DíAZ. DNI 33824042N**

Contra este acuerdo podrán los interesados presentar recurso de Alzada en el plazo de un mes a contar desde el día siguiente a la publicación de este Edicto para ante el Consejo General del Poder Judicial.

Los/as nombrados/as deberán tomar posesión en el juzgado de paz para el que se les nombra ante quien se hallare ejerciendo la jurisdicción, en el plazo de 20 días naturales contados a partir del siguiente a su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia correspondiente, previo juramento o promesa en la forma que establece el artículo 101.5 de la Ley Orgánica del Poder Judicial ante el Juez de 1ª Instancia e Instrucción respectivo.

Aquellos jueces de paz nombrados que estén incurso en alguna incompatibilidad deberán optar dentro del plazo de ocho días por la plaza que le interese.

A Coruña, 25 de junio de 2021.- LA SECRETARIA DE GOBIERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 2023

**MINISTERIO DE FACENDA****BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - DEPUTACION DE LUGO***Anuncio*

**EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO EN SESION CELEBRADA O 2 DE XULLO DE 2021 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIONS DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACIONES DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAIS REALIZADOS POR ASOCIACIONES CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2021.**

BDNS (Identif.): 573595

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/573595>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencions publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencions <https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>

**Primeiro.- Beneficiarios:**

En xeral, poderán solicitar subvencions ao amparo desta convocatoria as entidades culturais ou asociacións (os estatutos deberán recoller eses fins expresamente) legalmente constituídas da provincia de Lugo (enténdase con sede ou delegación social na provincia), adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial da provincia, que os beneficiarios formen parte do conxunto demográfico lucense e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto íntegro destas bases.

**Segundo.- Obxecto:**

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para a concesión de subvencions en réxime de concorrencia competitiva, destinadas aos investimentos para a mellora, o acondicionamento e a reforma de instalacións de carácter cultural da súa titularidade, alugadas ou cedidas legalmente para o uso cultural por parte das asociacións culturais sen ánimo de lucro da provincia de Lugo que, executados durante o ano 2021, afecten directamente ao desenvolvemento da promoción cultural provincial destes colectivos culturais.

Para estes efectos considéranse subvencionables aqueles investimentos realizados que garden relación directa cos espazos dedicados á promoción cultural e ás edificacións auxiliares (en propiedade, alugadas ou cedidas legalmente) que puidesen estar vinculadas con aqueles e, con especial incidencia, sobre as accións que tendan a mellorar a calidade de todas as accións e manifestacións culturais.

Tamén son obxecto de subvención a adquisición de todo tipo de equipamento de carácter cultural inventariable por parte das asociacións culturais sen ánimo de lucro da provincia de Lugo para dotar ás súas instalacións culturais (en propiedade, alugadas o cedidas legalmente) co obxecto de que poidan desenvolver as súas actividades culturais nas mellores condicións e cos medios materiais adecuados (técnicos e artísticos).

**Terceiro.- Bases reguladoras**

A Ordenanza Xeral de Subvencions da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

Convocatoria de subvencions en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, anualidade 2021, en: <http://cultura.deputacionlugo.gal/programasesubvencions>

**Cuarto.- Contía e importe mínimo e máximo**

\* Contía: 71.000,00

\* Importe mínimo e máximo estará comprendido no intervalo establecido na seguinte táboa para cada finalidade:

FINALIDADE	IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE IMPORTE MÁXIMO
Investimentos en instalacións de carácter cultural cultural: reformas, ampliación e/ou mellora de inmobles da súa titularidade, alugados ou cedidos legalmente á entidade cultural solicitante	300 €	3.000 €



Investimentos para a adquisición de equipamentos: Equipamentos, moblaxe e materiais de uso técnico (equipos para procesos da información) e artístico vinculados ao desenvolvemento da programación das actividades da entidade, e sempre que se trate de investimentos para dotar ás súas instalacións culturais (da súa titularidade, alugados ou cedidos legalmente), co obxecto de que poidan desenvolver as súas actividades culturais nas mellores condicións e cos medios materiais adecuados	300 €	2.000 €
--	-------	---------

#### Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación no B.O.P da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

#### Sexto.- Outros datos

Non se concederán anticipos de pagamento anteriores –a xustificación das subvencións.

LUGO, 5 DE XULLO DE 2021.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019. O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCION ECONOMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 2061

### Anuncio

**EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 2 DE XULLO DE 2021 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2021.**

BDNS (Identif.): 573587

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/573587>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións <https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>.

#### Primeiro.- Beneficiarios:

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades culturais ou asociacións (os estatutos deberán recoller eses fins expresamente) legalmente constituídas da provincia de Lugo (enténdase con sede ou delegación social na provincia), adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial da provincia, que os beneficiarios formen parte o conxunto demográfico lucense e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto íntegro destas bases.

#### Segundo.-Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a regulación do procedemento aplicable para a concesión de subvencións en réxime de concorrncia competitiva destinadas a entidades asociativas de carácter cultural -con sede ou delegación social na provincia de Lugo- para a realización de actividades culturais na anualidade de 2021, cuxo obxecto social sexa a promoción cultural, e cuxos fins redunden na:

- Dinamización cultural en todas as súas vertentes.
- Potenciación da historia, a música, as tradicións de Galicia e no uso do idioma galego en todas as actividades que se leven a cabo
- Actividades de potenciación do patrimonio material e inmaterial do país.

Non se subvencionarán:

Aqueles proxectos que se leven a cabo fóra do ámbito territorial da provincia Lugo nos que os beneficiarios non formen parte do conxunto demográfico lucense, (aínda que estean integrados nunha programación global e organizados por unha asociación que teña a súa sede social na provincia de Lugo).

Aqueles proxectos de carácter deportivo, relixioso, político, militar e- en xeral que sexan corporativos restritivos, xa que o seu fin non é a promoción dos recursos e manifestacións culturais para a poboación en xeral, senón unicamente entre o colectivo dos seus socios e das súas familias (dado que non se trata de asociacións ou

colectivos abertas á poboación xeral, senón a membros, familiares e persoas xurídicas vinculadas a un colectivo concreto)

Quedan expresamente excluídas desta convocatoria as axudas e os gastos para a promoción, fomento e difusión da artesanía, segundo as consideracións ¿para actividades artesanais¿ recollidas na Orde do 2 de xuño de 2014 pola que se revisa a relación de actividades artesanais recollidas no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía (Diario Oficial de Galicia número 185, do 24 de setembro). En consecuencia, non se subvencionarán as accións e actividades artesanais recollidas na referida Orde, de acordo coas divisións e denominacións reflectidas na citada orde.

Quedan excluídos desta convocatoria os gastos de:

- Aloxamento, de hostalaría, comidas e restauración.
- As viaxes culturais que non leven incorporada unha actividade cultural complementaria.
- Os gastos para o desenvolvemento de festas patronais, romarías e eventos relixiosos en xeral
- Os gastos de investimento ou por compra de material inventariable.
- Os gastos correntes para actividades de terapia ocupacional, familiar e de benestar social (técnicas relaxación, talleres de prantas medicinais, elaboracións de xabóns, cremas e outros similares, etc...).
- Os gastos correntes para a actividade extraescolar de inglés.

#### Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

Convocatoria de subvenciones en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2021, en: <http://cultura.deputacionlugo.gal/programasesubvencions>

#### Cuarto.- Contía e importe mínimo e máximo

\* Contía: 130.000,00

\* Importe mínimo e máximo estará comprendido no intervalo establecido na seguinte táboa para cada finalidade:

FINALIDADE	IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE M IMPORTE MÁXIMO
Actividades culturais	300	3.000 €

#### Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación no B.O.P da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Lugo, 5 de xullo de 2021.- O PRESIDENTE, PD Decreto de data 26-07-2019.- O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCION ECONOMIDA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 2062

## BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - XOVE

### Anuncio

**EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2021-0485 DE 2 DE XULLO DE 2021 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIMEN DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DAS AXUDAS AO ESTUDO DO CONCELLO DE XOVE NAS MODALIDADES DE COMEDOR, ESTANCIA E TRANSPORTE PARA O CURSO 2020-2021**

BDNS (Identif.): 573417

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/573417>).

#### Primeiro. Beneficiarios

As persoas interesadas na concesión dunha axuda deberán cumprir o requisito de empadramento e residencia efectiva do núcleo familiar no Concello de Xove, salvo no caso de independencia da persoa solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requirirá o empadramento e residencia efectiva persoal.

**Segundo. Obxecto**

As bolsas e axudas ao estudo reguladas nas presentes bases teñen por obxecto atender a sufragar os gastos derivados de:

A) Gastos de comedor para: Estudantes de ensinos en centros públicos da comarca da Mariña que precisen comer fóra de Xove a causa dos seus horarios, cando ditos estudos, aos que se refiren as presentes bases, non sexan impartidos nos centros de ensino do Concello de Xove

B) Gastos de estancia para:

1. Estudantes universitarios en universidades españolas.
2. Estudantes de ciclos formativos que non existan na comarca.
3. Estudantes de ensinos artísticos, profesionais e superiores e de ensinos deportivos, profesionais e superiores.

C) Gastos de desprazamento para:

1.- Estudantes que cursen estudos existentes en San Cibrao, Viveiro ou Burela, cando o seu horario escolar non sexa compatible coa liña regular de transporte de viaxeiros.

Ademáis, poderanse beneficiar desta axuda os/as estudantes afectados polo retraso na posta en marcha da "TMG Tarxeta Xente Nova" da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia (antes bus municipal) unha vez iniciado o curso escolar e ata a entrada en vigor desta tarxeta de transporte.

2.- Estudantes de ciclos formativos en centros da Mariña Lucense, agás os recollidos no punto anterior.

3.- Estudantes de ciclos formativos que non existan na comarca.

4.- Estudantes de ensinos artísticos, profesionais e superiores e de ensinos deportivos, profesionais e superiores.

5.- Estudantes universitarios en universidades españolas.

**Terceiro. Bases reguladoras**

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

**Cuarto. Contía**

O Concello de Xove abonará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases por alumno ou alumna segundo a renda per cápita familiar (englobando os ingresos de todos os membros da unidade de convivencia) que consta na declaración do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas presentada no ano da solicitude.

As dotacións das bolsas son as seguintes:

A.-Axudas de comedor para estudantes de ensinos en centros públicos da comarca da Mariña que precisen comer fóra de Xove a causa dos seus horarios, cando ditos estudos non sexan impartidos nos centros de ensino do Concello de Xove: 240,00 euros cada unha.

B.- Axudas de estancia:

1.- Estudantes universitarios en universidades españolas: 250,00 euros cada unha.

2.- Estudantes de ciclos formativos que non existan na comarca: 250,00 euros cada unha.

3.- Estudantes de ensinos artísticos, profesionais e superiores e de ensinos deportivos, profesionais e superiores: 250,00 euros cada unha.

C.- Axudas de desprazamento:

1.-Axudas para estudantes que cursen estudos existentes en San Cibrao, Viveiro ou Burela, cando o seu horario escolar non sexa compatible coa liña regular de transporte de viaxeiros: 300,00 euros cada unha. No caso de estudantes afectados/as polo retraso da posta en marcha da "TMG Tarxeta Xente Nova" da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia a contía da axuda será a mesma que o gasto efectuado para o desprazamento ata o inicio do funcionamento do servizo, cun máximo de 60 viaxes ao mes (contía 1,50 €/viaxe)

2.- Axudas para estudantes de ciclos formativos en centros da Mariña Lucense, agás os recollidos no punto anterior: 300,00 euros cada unha.

3.- Axudas para estudantes de ciclos formativos que non existan na comarca: 150,00 euros cada unha.

4.- Axudas para estudantes de ensinos artísticos, profesionais e superiores e de ensinos deportivos, profesionais e superiores: 150,00 euros cada unha.

5.- Axudas para estudantes universitarios en universidades españolas: 150,00 euros cada unha.

As persoas interesadas na concesión dunha axuda deberán cumprir o requisito de empadramento e residencia efectiva do núcleo familiar no Concello de Xove, salvo no caso de independencia da persoa solicitante, que se considerará tal cando no momento da solicitude teña contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requirirá o empadramento e residencia efectiva persoal.

Para ter dereito ás axudas para gastos derivados de estancia e de desprazamento, os/as estudantes deberán presentar o boletín de notas ou certificado do centro educativo de terse presentado alomenos ao 50% das materias correspondentes á matrícula.

No caso das axudas ao desprazamento recollidas no apartado 1 desa modalidade, os/as estudantes deberán aportar certificado do centro de ensino do horario escolar para xustificar que éste non é compatible coa liña regular de transporte de viaxeiros.

No caso dos/as estudantes afectados polo retraso na posta en marcha da “TMG Tarxeta Xente Nova” unha vez iniciado o curso escolar, deberán presentar os tickets do desprazamento aboados antes do inicio da posta en marcha de dita tarxeta, ou xustificación das viaxes efectivamente realizadas a través da empresa de transporte.

#### **Sexto. Prazo de presentación das solicitudes**

As persoas interesadas en acceder ás axudas deberán solicitalo no impreso normalizado facilitado polo Concello, acompañado da documentación a que se refire a Cláusula Sétima.

As solicitudes atoparanse a disposición das persoas interesadas no Departamento de Servizos Sociais e presentaranse no Rexistro Municipal do Concello.

O prazo de presentación das solicitudes abarcará desde o xoves 8 de xullo ata o luns 2 de agosto, ámbolos dous incluídos. Este prazo poderá ser prorrogado, excepcionalmente por Resolución motivada do Sr. Alcalde-Presidente, sen que en ningún caso a duración de dita prórroga poda exceder de 10 días.

Asímesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

XOVE, 2021-07-05.- O ALCALDE.- JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 2063